



MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ, SECRETARIA XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

CERTIFICA:

A Técnico de Xestión Medioambiental do Servizo de Medio Ambiente da Deputación Provincial de Lugo, con data 18 de decembro de 2020, emitiu o seguinte informe que di:

“Que no Órgano de Participación da Reserva da Biosfera Terras do Miño, en sesión ordinaria celebrada o día dezasete de decembro de dous mil vinte, deuse conta no punto 11 da orde do día “Dación de conta da actividade da Rede Española de Reservas da Biosfera”, en relación á solicitude de informe sobre explotacións mineiras ao Comité Español do Programa MaB, o seguinte:

“Nesta 21ª Reunión do Comité Español do Programa MaB da UNESCO celebrado o pasado 18 de novembro de 2020 queremos darvos conta dos seguintes acordos:

1. Por unha parte, aprobouse o proxecto da Reserva da Biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e o Courel, polo cal agora só queda a decisión de UNESCO París para a súa aprobación durante o 2021.

2. Por outra, en relación á solicitude de informe sobre varios proxectos mineiros na Reserva da Biosfera Terras do Miño, acordouse o seguinte:

No informe do Consello Científico en relación á incidencia con nº de referencia 6-2020 “Explotacións Mineiras” indícase o seguinte:

“O informe remitido polo organismo xestor da Reserva da Biosfera Terras do Miño é completo, poñendo en evidencia a falta de información sobre a situación actual dos proxectos. O informe remitido polo organismo autonómico non aclara esta situación. É necesario recabar información sobre:

- 1.- Situación actual dos proxectos, confirmando a súa caducidade ou vixencia.
- 2.- De estar vixente, información sobre o ámbito xeográfico e posibles afeccións sobre as distintas unidades da Reserva da Biosfera.
- 3.- Indicar que procedementos de avaliación ambiental se realizaron ou están en curso.
- 4.- Indicar as medidas que se estableceron para asegurar a integridade das áreas núcleo da Reserva da Biosfera.”

Deste modo, dende a Secretaría do Comité, tramitouse unha solicitude de información adicional dirixida á Xunta Galicia, con data de rexistro de saída o 1 de decembro de 2020.”

É todo o que procede informar, aos efectos oportunos.”

E para que conste, a petición da interesada, expido a seguinte certificación de orde e co Visto e Prace do Sr. Presidente.

Lugo, na hora e data da sinatura dixital

Visto e prace

O PRESIDENTE,

P.D. Decreto de data 26-07-2019

O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL

Asdo. Pablo Rivera Capón (asinado dixitalmente)

	IV7GEYIKNPXPLOOIQRYN AJIWN Y	Fecha y Hora	20/12/2020 22:13:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón))		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	ANDREA MACHO BENITO (TÉCNICO/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GEYIKNPXPLOOIQRYN AJIWN Y	Página	1/1

